O Día Internacional dos Voluntarios (DIV), o 5 de decembro, foi designado polas Nacións Unidas en 1985 como un día internacional para conmemorar a forza e o potencial do voluntariado. É unha gran oportunidade para que as persoas voluntarias e as organizacións de acción voluntaria xeredes conciencia respecto da contribución que realizades nas vosas comunidades e obteñades xusto recoñecemento por iso.

Máis de corenta mil persoas desenvolvedes de xeito cotiá accións de carácter solidario no ámbito da nosa comunidade autónoma, impulsadas por un profundo compromiso de facer de Galicia un lugar mellor para a súa xente. Tanto se sodes persoas voluntarias que traballan en actividades de recuperación da cultura ou tradicións galegas, na igualdade de xénero ou na acollida de refuxiados en Turquía, as persoas voluntarias contribuídes a cambiar a traxectoria na nosa sociedade.

Hoxe, na conmemoración do voso día, a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, a través do Servizo de Voluntariado e Participación súmase desde Galicia á campaña promovida pola ONU neste 2016 que xa remata. Cun gran aplauso global (#GlobalApplause) queremos expresar o noso recoñecemento, gratitude e admiración a tódalas persoas voluntarias onde queira que vos atopedes. Co berro de ¡Viva os voluntarios! queremos animar a todas as persoas que aínda non son voluntarias a participar e implicarse.

PLAN DE FORMACIÓN DE VOLUNTARIADO

CURSOS

- Curso en liña: Metodoloxías creativas para dinamizar grupos na acción voluntaria
- Curso en liña: Curso de voluntariado. Nivel básico (1ª Edición)
- Curso en liña: Curso de voluntariado ambiental
- Curso en liña: Formación do voluntariado na recuperación patrimonial
- Curso en liña: Solicitude, xestión e xustificación das subvencións de voluntariado da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado
- Curso en liña: Recursos para o traballo cos voluntarios dentro dunha entidade de acción voluntaria: habilidades para o traballo en equipo, coordinación de recursos humanos, dinamización, dirección, xestión efectiva do conflito
- Curso en liña: Curso de voluntariado. Nivel básico (2ª Edición)
- Curso en liña: Recursos educativos para traballar o voluntariado na educación secundaria
- Curso en liña: Curso de voluntariado. Nivel de especialización de carácter xenérico
- Curso presencial: Voluntariado no centro de recuperación integral para mulleres que sofren violencia de xénero

PROGRAMAS ANUAIS DE VOLUNTARIADO

→ PROGRAMA DE VOLUNTARIADO NOS ESPAZOS XOVE DA REDE GALEGA DE CENTROS XUVENÍS DA XUNTA DE GALICIA

Programa de fomento da participación, solidariedade e compromiso da poboación xuvenil, co obxectivo de adquirir capacitación non formal no ámbito das actividades realizadas nos Espazos Xove.

→ PASAPORTE SOLIDARIO

O Pasaporte Solidario está concibido como un itinerario solidario onde se recollen as diferentes iniciativas realizadas/propostas polo alumnado de Educación Primaria e ESO. O PS é individual, aínda que pode haber accións solidarias de carácter grupal.

→ VOLUNTARIADO MIÚDO: MÓVETE!

Programa que promove os valores da cultura solidaria e a adquisición de diversas competencias fundamentais adaptado nas diferentes actuacións ao ciclo educativo do alumnado de educación primaria.

→ REDE DE CENTROS ESCOLARES SOLIDARIOS

O principal obxectivo desta acción é promover valores de solidariedade, participación, compromiso social e voluntariado entre a comunidade educativa de ensino secundario, favorecendo que os escolares se comprometan como voluntarios, a través dunha metodoloxía activa e participativa.

- **PROGRAMA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES SOLIDARIAS-LECTURA A**

O Plan LÍA de Bibliotecas Escolares contempla entre os seus obxectivos o de "incentivar o uso das bibliotecas escolares por parte das comunidades educativas, aproveitando os seus recursos para unha mellor atención da diversidade e unha atención máis óptima á multiculturalidade, ás necesidades educativas específicas e ao plurilingüismo", así como o de "estimular a experiencia lectora entre os distintos sectores da comunidade educativa". Unha das liñas estratéxicas deste plan é a de acadar maiores cotas de implicación das familias na formación dos novos lectores, axudando a paliar as desigualdades no acceso aos recursos culturais e ó coñecemento.

- **VOLUNTARIADO CULTURAL: VOLUNTARIADO NAS BIBLIOTECAS NODAIS DE GALICIA**

Programa co obxecto de fomentar máis eficazmente a función formativa, de acceso á cultura e ó lecer dos cidadáns en igualdade de oportunidades por medio de procesos áxiles e innovadores capaces de brindar servizos de calidade que se acomoden ás necesidades dos usuarios e da comunidade á que serven.

- **VOLUNTARIADO GOLD EOXI LUGO, CERVO E MONFORTE**

O voluntariado Gold é unha aposta pola participación das persoas, con coñecementos sanitarios ou non, no marco do Plan de Humanización da EOXI Lugo, Cervo e Monforte, co obxectivo xeral de alcanzar a excelencia na atención ó doente.

- **PROGRAMA DE VOLUNTARIADO PARA PERSOAS CON ALZHÉIMER**

Programa xurdido coa idea de fomentar un maior coñecemento cara ás persoas que padecen esta demencia. As persoas voluntarias realizarán fundamentalmente funcións de acompañamento e apoio á mobilidade en Centros de Día, residencias de maiores e asociacións de familiares, dirixidas por un profesional ou responsable do centro/residencia.

- **PROGRAMA DE VOLUNTARIADO AMBIENTAL**

Programa en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio co obxecto de por en valor o patrimonio natural da nosa comunidade autónoma xerando vínculos emocionais, comportamentos activos e de divulgación dos valores do noso medio.

Voluntariado Galego.org

#GlobalApplause

¡Viva os voluntarios!

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado